



CONVOCATORIA 2017 PARA PROXECTOS DE COÑECEMENTO DA REALIDADE [PCR]

INTRODUCCIÓN

Dende Arquitectura sen Fronteiras valóranse os Proxectos de Coñecemento da Realidade [PCR] como unha posibilidade para todo o estudiantado da universidade de participar en proxectos de cooperación internacional para o desenvolvemento nos países en vía de desenvolvemento. Neste senso, os PCR constitúen un elemento clave de colaboración directa entre a comunidade universitaria e as ONGD, creando así toda unha serie de sinerxías relacionadas coas capacidades técnicas, culturais e económicas de ambos axentes en favor da mellora das condicións de vida das poboacións máis desfavorecidas.

Un dos obxectivos principais do programa é que as persoas participantes obteñan unha formación práctica e directa que lles permita mellorar as súas capacidades técnicas, así coma un coñecemento da realidade das comunidades coas que se traballa nos países do sur, que fortaleza o seu pensamento crítico e a súa percepción da realidade de inxustiza global.

Os PCR móstranse tamén como unha ferramenta de sensibilización clave e eficaz para concienciación entre o noso entorno da situación de desigualdade social e económica, a través da realización de actividades de sensibilización e da transmisión da propia experiencia por parte dos participantes. Deste xeito, enténdese tamén relevante vincular a participación neste programa de coñecemento da realidade á realización de actividades académicas e investigadoras no eido da universidade.

OFERTA DE PRAZAS

Arquitectura Sen Fronteiras ofrece a estudantes universitarios, con especial preferencia nas persoas voluntarias da nosa demarcación en Galicia, que teñan interese no mundo da cooperación no eido da habitabilidade básica, a posibilidade de ter unha experiencia en terreo. Con este propósito publicamos a seguinte convocatoria para incorporar persoas voluntarias a proxectos a executar en GUATEMALA.

Os bolseiros e bolseiras colaborarán directamente coas persoas técnicas da organización trasladadas ao terreo, a contraparte local e as propias persoas beneficiarias, desempeñando tarefas propias do traballo de cooperación ao desenvolvemento.

nome	país	zona	duración	data inicio
Proxecto de Coñecemento da Realidade	Guatemala	Retalhuleu	De 1-3 meses	Xullo/Novembro

A concesión da convocatoria está condicionada á obtención do financiamento a través da [convocatoria de PCR da UDC](#), que inclúe o billete de avión, o seguro da viaxe (accidentes e enfermidades) e achegas derivadas da manutención. ASF corre cos gastos de aloxamento na zona de intervención (Retalhuleu).



COMPROMISOS DE ASF-E GALICIA

Os compromisos de ASF-E Galicia coas persoas bolsieras será o seguinte:

- Redacción dunha CARTA DE PRESENTACIÓN en que a organización expresará claramente o interese en que o alumnado realice o PCR.
- Proporcionar á persoa voluntaria información detallada sobre os antecedentes da asociación na zona de traballo.
- Impartir formación precisa para os traballos a realizar.
- Dentro das posibilidades de ASF, propoñer temas ou facilitar a elaboración de tesinas ou proxectos fin de carreira vencellados á estancia.

COMPROMISOS XERAIS DOS/AS SOLICITANTES

Do mesmo xeito, as persoas solicitantes terán as seguintes obrigas:

- Firma con ASF do compromiso de PCR antes da estancia no que se detallarán todas as condicións da mesma.
- Compromiso de realizar as actividades propostas na estancia.
- Dispoñibilidade para a formación previa.
- Compromiso de permanencia na asociación de polo menos un ano, traballando no grupo vinculado á actividade no que desenvolveu a estancia e nas actividades de sensibilización propostas relacionadas coa mesma: charlas en cursos de ASF, nas Universidade da Coruña, entrevistas...
- Elaboración da memoria final da experiencia a entregar como moi tarde un mes despois do regreso e informes periódicos das actividades na súa estancia a través de ferramentas de bitácora.



PROXECTOS A EXECUTAR

Os proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento a executar en Guatemala son os seguintes:

- **Proxecto BanChuinklal de mellora das condicións de acceso a un hábitat domiciliario saudable da poboación máis vulnerable do departamento de Retalhuleu, Guatemala, con énfase nas mulleres viúvas ou solteiras a través dun proceso colaborativo entre comunidades, autoridades municipais, organizacións sociais e cooperativas, fase 3.** Neste proxecto traballamos coas nosas contrapartes ASIAPRODI e FODHAP continuando a construción de 17 novas vivendas e a formación ás persoas participantes en hábitos domiciliarios saudables e mecanismos de produción social do hábitat.
- **Proxecto de mellora da calidade educativa con pertinencia cultural e de xénero para a garantía dos dereitos da infancia e xuventude, municipio de Champerico, Guatemala, Fase 2.** Neste proxecto traballamos coas nosas contrapartes ASIAPRODI e PRODESSA na mellora das infraestruturas da Escola da comunidade de María del Mar. A labor de ASF levada a cabo no 2016 centrouse na construción de 2 aulas e 2 letrinas, as tarefas para este ano son dar seguimento as labores docentes.

Podedes atopar máis información sobre os proxectos e a experiencia de anteriores persoas bolsistas PCR na páxina web <http://www.galicia.asfes.org/category/cooperacion-internacional/pcr/>

DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES

As prazas que se ofertan nesta convocatoria son para o posto de persoa técnica de apoio ás persoas cooperantes desprazados a Guatemala dentro dos proxectos desenvolvidos actualmente pola demarcación territorial de Galicia. O alumnado poderá paralelamente, realizar os traballos de estudo relacionados coas súas investigacións académicas compatibles coas actividades de apoio a ASF-E.

As accións de apoio centraranse nestas funcións:

1. **Acompañamento ás actividades dos proxectos enriba mencionados, en concreto:**
 - a. Seguimento das obras
 - b. Procesos participativos coa poboación beneficiaria
 - c. Apoio á xustificación do proxecto
 - d. Redacción de informes
 - e. Sistematización de experiencias
2. **Actualización do blogue de ASF-E en Guatemala.**



PERFIL REQUIRIDO

En todo caso, priorizarase a participación de persoas voluntarias activas en ASF-E Galicia, preferiblemente do grupo de traballo de cooperación internacional, cunha traxectoria de voluntariado de polo menos 3 meses.

Criterios de valoración das persoas candidatas:

Formación ou experiencia.

- Cooperación ao desenvolvemento(15 puntos).
- Hábitat, habitabilidade básica (15 puntos).
- Comunicación, xestión de redes sociais e blogs, difusión de actividades, fotografía, vídeo, ou similares (5 puntos).
- Voluntariado ou proxectos sociais (11 puntos).

Participación ou coñecemento da asociación.

- Ser persoa voluntaria de ASF. Darase prioridade a aquelas persoas do grupo de cooperación internacional cunha traxectoria polo mesmo de tres meses (17 puntos).
- Ser persoa socia de ASF (2 puntos).

Outros

- Asociar a estancia a un traballo de investigación da universidade ou TFG (5 puntos).
- Non ter sido beneficiario da bolsa con anterioridade (10 puntos).

Entrevista persoal (20 puntos).

SOLICITUDE

As solicitudes deberán presentarse antes do día **22 de febreiro do 2017 ás 14:00h** no local de ASF-E Galicia, planta 2 da ETSAC, Campus da Zapateira, 15071, A Coruña ou ao e-mail guate.reu@asfes.org.

A documentación requirida para a súa validación será a seguinte.

1. CV cos datos mais relevantes para a praza e coas actividades afíns realizadas.
2. Carta de motivación persoal para a participación na convocatoria. (opcional)

A entrevista persoal realízase os candidatos/as preseleccionados/as o xoves 23 de febreiro en horario de tarde. A resolución da convocatoria farase pública na páxina web da entidade o día seguinte.

Posteriormente á selección, as persoas candidatas seleccionadas deberán, conxuntamente co grupo de traballo de Guatemala, elaborar a proposta de Proxecto de Coñecemento da Realidade detallando os traballos a realizar na estada, paralelamente aos propostos nesta convocatoria.

En A Coruña, a 16 de febreiro de 2017.